

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS AO PROCEDIMENTO DE ADQUISICIÓN DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA (VPP) EN SEGUNDAS POSTERIORES TRANSMISIÓNS NO CONCELLO DE ARTEIXO

Esta xefatura territorial ditou en data 23-02-2017 resolución de inicio do procedemento de adquisición de vivenda protexida de promoción pública en segunda ou posterior transmisión do expediente C90502, conta 59, situada no Concello de Arteixo na r/ Lope de Vega, 1, esc. 1, baixo B

En data 17-03-2017 rematou o prazo para a presentación de solicitudes de participación no devandito procedemento.

O procedemento de selección de adquirentes de vivendas protexidas de promoción pública en segundas ou posteriores transmisións regúlase no artigo 31 do Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

No prazo de presentación de solicitudes non se presentaron peticións de inclusión neste procedemento.

Baseado en todo o antedito, RESOLVO:

1º Ordenar a publicación desta resolución na páxina web do I.G.V.S.

2º Outorgar aos interesados un prazo de reclamacións de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ao da referida publicación.

A Coruña, 04 de abril de 2017
O xefe territorial da Consellería de
Infraestruturas e Vivenda

José Antonio Álvarez Vidal